

Parte xeral

Tema 1

A Constitución Española
e a Administración en España

Índice do Tema 1. Parte xeral

1. A Constitución española de 1978

- 1.1. Valores e principios fundamentais
da Constitución Española de 1978
- 1.2. Os dereitos fundamentais
que recolle a Constitución Española de 1978
- 1.3. Os deberes fundamentais
da Constitución Española de 1978

2. A Administración Pública

- 2.1. Os órganos administrativos
- 2.2. Os procedementos
- 2.3. A Dificultade da administración
- 2.4. Personalidade xurídica e patrimonio

3. O funcionamento da Administración

- 3.1. Fundamento e principios da Administración
- 3.2. Dereito á indemnización

Introdución

Neste tema imos aprender
cales son os valores que establece a Constitución para España.

Tamén imos coñecer os dereitos que teñen
todas as persoas no noso país.

Logo verase como funciona a Administración pública.
Isto é,
que procedemento seguen para relacionarse cos cidadáns.
Por exemplo,
que teñen que facer para darnos unha axuda.

1.A Constitución Española de 1978

A Constitución é unha Lei.

É a Lei máis importante de España.

Todas as leis de España

teñen que respectar o que di a Constitución.

Os españois aprobaron a Constitución en referendo
o 6 de decembro de 1978.

As Cortes Xerais aprobaron a Constitución
o 31 de outubro de 1978.

A Constitución fala de:

- Os valores máis importantes de España.
Por exemplo, a liberdade e a igualdade.
- Os dereitos e os deberes das persoas.
- A forma de gobernar.

1.1. Valores e principios fundamentais da Constitución Española de 1978

A Constitución di que:

- España é un país
que respecta os dereitos das persoas.
En España a soberanía está no pobo español.
A soberanía do pobo quere dicir
que a cidadanía ten o poder.
A cidadanía dá este poder aos seus gobernantes
nas eleccións.
- España é unha monarquía parlamentaria.
Nunha monarquía o Rei é o xefe do Estado.
O Rei é o máximo representante do Estado.

É parlamentaria porque hai un Parlamento.

O Parlamento de España chámase Cortes Xerais.

As Cortes Xerais teñen 2 cámaras:

- O Congreso dos Deputados.
- O Senado.

Nas Cortes Xerais reúnen
os nosos representantes políticos
para debater, votar, aprobar ou cambiar leis.

As Cortes Xerais representan ao pobo español.

- **España é un estado social e democrático de dereito.**

É **social** porque ten leis para conseguir a igualdade e o benestar de todas as persoas.

Por exemplo,
a sanidade pública e de balde.

É **democrático** porque a cidadanía pode elixir aos seus representantes políticos. A cidadanía elixe aos seus representantes votando nas eleccións.

É de **dereito** porque ten leis e normas que todos temos que cumprir.

1.2. Os dereitos fundamentais da Constitución Española de 1978

Os dereitos fundamentais son os dereitos máis importantes que teñen as persoas en España.

Os dereitos fundamentais están escritos na Constitución. Podemos esixir a calquera persoa que os respecte.

A Constitución Española de 1978 recolle os seguintes dereitos fundamentais:

- **A igualdade da lei para todos.**
As leis son iguais para todas as persoas.
As leis non poden illar ou tratar peor a un grupo de persoas por ningún motivo.
Por exemplo,
polo seu nacemento, se é home ou muller,
a relixión que segue ou se ten unha discapacidade.
- **O dereito á vida.**
Todas as persoas temos dereito á vida e a non sufrir violencia.
Está prohibida a tortura, a humillación e a pena de morte.
- **A liberdade de ideas.**
Todas as persoas podemos ter as ideas políticas e a relixión que queiramos.
Ninguén pode obrigarnos a outra persoa a dicir cales son as súas ideas ou a súa relixión.

- **A liberdade e a seguridade das persoas.**

Todas as persoas somos libres
e temos dereito a sentirnos seguras.
A policía só pode deter a unha persoa
por un motivo escrito na lei.
Por exemplo, roubar.

- **O dereito á honra e á vida privada.**

Todas as persoas temos dereito á honra, é dicir,
a que os demais respecten o noso bo nome e non nos insulten.
Tamén temos dereito a que os demais respecten a nosa vida privada.

Ninguén pode entrar na nosa casa sen o noso permiso.
A policía só pode entrar na nosa casa
cando teña unha orde dun xuíz.

Ninguén pode abrir as túas cartas,
ler o teu correo electrónico
ou escoitar as túas chamadas de teléfono sen permiso.

- **A liberdade de elixir o lugar onde vivir.**

Todas as persoas temos dereito a elixir onde queremos vivir.
Tamén temos dereito a viaxar a outros países
e a volver a España.

- **A liberdade de expresar ideas e opinións.**

Todas as persoas temos dereito a expresar
as nosas ideas e opinións en liberdade.

Tamén temos dereito a publicar libros de literatura,
expoñer obras de arte e desenvolver inventos científicos e técnicos.
Os profesores teñen dereito a falar dos seus coñecementos

e ideas con liberdade nos colexios, institutos e universidades.
Todas as persoas temos dereito a comunicar
e a recibir información verdadeira en xornais, radio ou televisión.

- **A liberdade de reunirse.**

As persoas temos dereito a reunirmos sen armas e sen provocar violencia.

Tamén temos dereito a manifestarnos pola rúa.

Temos que avisar ás institucións
para facer unha manifestación na rúa ou nun lugar público.

- **A liberdade de asociarse.**

As persoas podemos crear e pertencer a asociacións.

Están prohibidas as asociacións
con intencións contrarias á lei.

Por exemplo,

están prohibidas as asociacións
que teñen intención de atacar a outras persoas.

Tamén están prohibidas as asociacións
que forman grupos armados
e as asociacións secretas.

- **O dereito para participar nos asuntos públicos.**

As persoas podemos participar en política de 2 formas:

- Podemos votar aos representantes nas eleccións.
- Podemos presentar a nosa candidatura a un posto.

Por exemplo,

para ser alcaldesa dunha cidade
ou deputado no Congreso dos Deputados.

Todos podemos participar nos exames
para traballar nas Administracións Públicas.

- **O dereito a xuízo.**

Todas as persoas temos dereito a ir a xuízo
cando pensamos que alguén danou os nosos dereitos.
No caso de que unha persoa estea acusada por un motivo,
ten dereito a:

- Que o xulgue un xuíz.
- Ter un avogado.
- Saber o motivo da acusación.
- Ter un xuízo con garantías.

Un xuízo con garantías significa que o acusado
pode presentar probas para defenderse,
ter un xuízo público ou non declararse culpable.

Todas as persoas son inocentes dunha acusación
ata que un xuíz declara
que a acusación é certa e son culpables.

- **Os dereitos das persoas xulgadas.**

Só os xuíces e as xuízas poden condenar a unha persoa.
As persoas só poden ser condenadas
por delitos que existen nas leis nese momento.

Por exemplo,
hoxe ninguén pode condenarte
por ler libros que hai moitos anos estaban prohibidos

- **O dereito á educación.**

Todas as persoas temos dereito a unha educación
en colexios, institutos e universidades.
A intención da educación é que as persoas
desenvolvamos a nosa personalidade
e respectemos os dereitos e as liberdades das demais persoas.

A educación básica é obrigatoria e gratuíta para todas as persoas.

- **O dereito a pertencer a sindicatos.**

As persoas traballadoras poden crear sindicatos.

Tamén poden formar parte do sindicato que prefiran.

Os **sindicatos** son asociacións de traballadores que defenden os seus dereitos e os seus intereses fronte aos empresarios.

Ninguén pode obrigar a un traballador a formar parte dun sindicato.

Os traballadores poden ir á **folga** para defender os seus intereses ante os empresarios.
A folga é a protesta de traballadores.
A folga consiste en deixar de traballar para pedir melloras aos empresarios.

- **O dereito de petición.**

Todas as persoas temos dereito a presentar unha queixa ou unha proposta ás institucións para pedir que:

- Fagan algo.
- Solucionen un problema.

1.3. Os deberes fundamentais da Constitución Española de 1978

Os deberes son obrigacións que as persoas debemos cumprir.
Algúns deberes fundamentais tamén son dereitos.

- **A defensa de España.**

Os españois e as españolas teñen o dereito e o deber
de defender a España.

Por exemplo,
dun ataque doutro país.

- **O pago de impostos.**

As persoas debemos pagar impostos
segundo os nosos ingresos.

As persoas que gañan máis diñeiro,
pagan máis impostos.

As institucións gastan o diñeiro dos impostos
nos servizos públicos
para beneficiar a toda a cidadanía.

Por exemplo,
en educación, en sanidade ou en seguridade.

- **O dereito a traballar.**

Os españois teñen o dereito e o deber de traballar.

Tamén temos dereito a:

- Elixir de maneira libre nosa profesión ou oficio.
Por exemplo,
podemos ser camareiros, profesores, panadeiros ou agricultores.
- Recibir un salario adecuado para vivir.
- A igualdade entre mulleres e homes no traballo.

Por exemplo,
unha muller debe gañar o mesmo salario
que un home por un mesmo traballo.

2.A administración Pública

A Administración Pública é o conxunto de organismos e institucións dun país e ten 2 funcións:

- Aplicar as leis ou facer que outros apliquen as leis.
- Dirixir os servizos para coidar do benestar e dos intereses de toda as persoas.

Son os chamados servizos públicos.

Por exemplo,

cando nos poñemos enfermos

imos ao hospital para que nos curen.

O hospital é un servizo da administración sanitaria.

2.1. Os órganos administrativos

As Administracións están formadas por órganos administrativos.

Un **órgano administrativo** é un grupo de persoas da Administración que se ocupa dunha función concreta.

As decisións que toma un órgano administrativo teñen consecuencias sobre a cidadanía, as organizacións ou as institucións.

Por exemplo,
cando unha persoa solicita unha pensión á Administración:

- Un órgano comproba os requisitos da persoa para ter dereito a esa pensión.
- Outro órgano encárgase de pagarnos a pensión.
- E outro órgano vixía que a persoa actúa de forma correcta e que a Administración cumpre coas súas obrigacións.

2.2. Os procedementos

A Administración está organizada para facer o seu traballo.
Sempre que fai algo, o fai da mesma maneira.
Segue un procedemento.

Un **procedemento** é o modo de facer una mesma tarefa
sempre da mesma forma,
seguindo unha serie común de pasos definidos de forma clara.

Por exemplo,
cando a Administración admite a unha persoa
nunha oposición
segue este procedemento:

- Ordena todas as solicitudes por apelidos.
- Comproba que cada solicitude cumpre os requisitos da convocatoria.
- Publica a lista provisional das persoas admitidas.
- Publica a lista provisional das persoas excluídas para que corrixan algún requisito.
- Revisa as reclamacións que presentan as persoas excluídas.
- Publica a lista definitiva de admitidos e de excluídos.

2.3. Dificultade da Administración

As persoas e as institucións temos moitas necesidades.

Por exemplo,

educación, sanidade, natureza,

vivenda ou seguridade pública.

Para cubrir esas necesidades

necesitamos moitos servizos diferentes.

A Administración é moi complexa

porque ten moitos órganos diferentes

para cubrir esas necesidades.

2.4. Personalidade xurídica e patrimonio

- **A personalidade xurídica**

Os órganos administrativos teñen personalidade xurídica.

Ter personalidade xurídica significa

que os órganos administrativos teñen dereitos e deberes
e que responden das súas accións ante a lei.

Por exemplo,

o Concello de Lugo

ten dereito a comprar unha casa,

ou pode denunciar a unha persoa

que queima papeleiras públicas.

É o mesmo que podes facer ti

ou calquera persoa.

As leis recoñecen personalidade xurídica aos órganos,

porque deben traballar sempre

para atender as necesidades da cidadanía.

- **O patrimonio**

Os órganos administrativos teñen un patrimonio.

Ter un patrimonio significa

que os órganos administrativos

poden ter cousas en propiedade.

Por exemplo,

a Comunidade Autónoma de Galicia ten en propiedade:

- Diñeiro.
- Edifícios administrativos.
- Garderías.

- Colexios.
- Coches.
- Residencias para a terceira idade.

Conclusión:

Aos órganos administrativos recoñéceselles
personalidade xurídica e patrimonio
para atender as necesidades das persoas.

Por exemplo,

unha persoa solicita unha axuda
para comprar unha cadeira de rodas.

A Administración ten a obrigaón de estudar o seu caso.

Se a persoa cumpre as condicións,
a administración ten que ter diñeiro
para pagar a axuda.

3. Funcionamento da Administración segundo a Constitución Española

3.1. Funcionamento e principios da Administración

A Administración debe facer as cousas de forma obxectiva e só pensando no que é bo para todos os cidadáns. Así o di a Constitución Española.

A Constitución tamén di que a Administración debe cumprir os seguintes principios:

- Eficacia.
- Xerarquía.
- Descentralización.
- Desconcentración.
- Coordinación.
- Legalidade.

Imos coñecer con máis detalle cada principio:

- **Eficacia**
Significa que as Administracións Públicas teñen que actuar de maneira correcta e rápida. Por exemplo, a petición dunha axuda debe resolverse co menor número de papeis posible e no menor tempo posible.

- **Xerarquía**

Significa que os diferentes órganos e persoas da Administración organízanse repartindo as responsabilidades e a toma de decisións.


A xerarquía supón que uns órganos ou persoas poden decidir máis cousas que outros.

Cada órgano ou persoa da administración fai o que debe de acordo ás responsabilidades que ten e ás instrucións que recibe.

Por exemplo,

nun colexio existe esta xerarquía:

1 dirección, despois 1 xefatura de estudos e logo o resto de profesorado e de persoal de servizos.



- **Descentralización e desconcentración**

Estes 2 principios significan que a Administración pode repartir os asuntos dos que se ocupa.

Desta maneira, as peticións que facemos as persoas e as institucións resólvense antes e mellor.

Imos ver cada un deles:

- **Descentralización.**

As administracións repártense o poder de decisión.

Así, a administración que está máis preto das persoas toma as decisións que lle afectan.

Por exemplo,

a Xunta de Galicia descentraliza

a xestión da subministración de auga ás vivendas no Concello de Ferrol.

- **Desconcentración.**

Unha administración ou órgano reparte as súas funcións con outra administración ou órgano inferior organizado con xerarquía.

Por exemplo,

un Ministerio do goberno central de Madrid

desconcentra a función de manter a orde pública no seu Delegado do Goberno en Galicia.

- **Coordinación**

Significa que os diferentes órganos e persoas da Administración deben **poñerse de acordo**.

Desta forma fan as cousas de maneira organizada e conxunta,

coma se fosen unha soa Administración.
Así, evítanse repeticións e fallos.

Por exemplo,
diferentes administracións
teñen competencias en educación.
O Estado decide sobre as titulacións
e a Xunta de Galicia xestiona os centros educativos.
O Estado e a Xunta teñen que coordinarse.

- **Legalidade**

Significa que a Administración funciona de acordo ás leis.
A Administración cando toma decisións,
debe facelo de acordo á Constitución
e a todas as leis que desenvolven a Constitución.

Por exemplo,
Solicitas o permiso de conducir.
Se cumpres cos requisitos,
a Dirección Xeral de Tráfico ten que darche o permiso.
Non importa o que a Dirección Xeral de Tráfico pense de ti.
A Dirección Xeral de Tráfico é a administración de tráfico.

3.2. Dereito á indemnización

A Administración, cando fai o seu traballo,
pode causar un dano a unha persoa ou aos seus bens.
Se isto sucede, a persoa **ten dereito**
a pedir unha indemnización.

A indemnización é un diñeiro ou un beneficio
que recibe unha persoa cando sofre un dano.

A constitución recolle o dereito de indemnización.

Por exemplo,
a roda do noso coche rompe
ao pasar por unha fochanca profunda.
A Administración é a responsable
de ter a estrada en bo estado.
Podemos pedir unha indemnización.
A Administración ten que pagarnos a reparación da roda.